

A Rosalía de Bouza-Brey

Carmen Blanco

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

BLANCO, CARMEN (2011 [1992]). “A Rosalía de Bouza Brey”. *Boletín Galego de Literatura*: 8, 53-60. Reedición en *poesiagalega.org. Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*.
<<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/1302>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

BLANCO, CARMEN (1994). “A Rosalía de Bouza Brey”. *Boletín Galego de Literatura*: 8, 53-60.

* Edición dispoñíbel desde o 20 de outubro de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

A Rosalía de Bouza-Brey

Carmen Blanco

O escritor Fermín Bouza-Brey (Ponteareas, 1901-Santiago de Compostela, 1973) é, como demostra a súa diversa obra, unha figura polifacética de dedicación interdisciplinar, igual que o resto do núcleo de intelectuais máis estreitamente vencellados ao Seminario de Estudos Galegos (1923). Efectivamente, para o autor de *Nao senlleira*, como fundador e integrante dese organismo científico de inspiración galeguista, Galicia foi o obxecto constante das súas investigacións, desde campos tan diversos como a arqueoloxía, a etnografía ou a historia da literatura. E é precisamente nesta vocación científica volcada no propio e neste impulso cívico nacionalista onde radica o interese do noso autor pola figura de Rosalía de Castro. Interese que desembocou en profundo amor e que o levou a cruzarse innumerables veces con ela nos diversos campos da literatura.

Símbolo de Galicia e mito nacionalista

O escritor de Ponteareas, como grande parte do galeguismo anterior e posterior, considera á compostelana “o poeta” que mellor encarna o espírito de Galicia¹, para dicilo parafraseando palabras del nas que utiliza conscientemente o termo masculino no sentido neutro globalizador, para que non haxa dúbida da súa superioridade neste aspecto sobre a creación galega dos dous sexos, aínda que tamén o empregue para referirse á propia poetisa evitando o menosprezado vocábulo feminino, que eu acabo de utilizar (“poetisa”), e mesmo fuxindo da marca de xénero mediante o artigo (“a poeta”), forma hoxe xeralizada polo androcentrismo igualitarista dominante. Aque-la denominación valorativa masculina aparece numerosas veces na obra de Bouza que mesmo chega a combinala coa maiúscula: “o Poeta”². Dita locución quere, sen

1. Cfr. Fermín Bouza-Brey, “De novo Rosalía en Italia”, *Grial*, nº 16, abril-maio-xuño, 1967, p. 244.
2. Así ocorre, por exemplo, nunha importante carta sobre a autora dirixida a Ramón Otero Pedrayo. Cfr. Xesús Alonso Montero, “Inéditos e dispersos de F. Bouza-Brey”, Departamento de Filoloxía Galega, *Día das Letras Galegas. Fermín Bouza-Brey*, Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, 1992, p. 14.

dúbida, poñer de relevo o carácter esencial, transcendental e excepcional da creatividade rosaliana, mais moi probablemente aluda tamén á superación dos condicionantes sociais femininos e quizais así mesmo á superación da súa propia natureza sexuada, tal como pensaba Ricardo Carballo Calero desta muller que non cantaba nin as pombas nin as flores:

(...) a poesía de Rosalía non é a dunha poetisa, senón a dun poeta, xa entendamos esta palabra como nome masculino, xa a entendamos como nome comun.

(...)

Para o masculinista, para o neutralista, Rosalía non é poetisa, senón poeta. Realmente, dentro do seu vocabulario, o segundo está no certo, Rosalía non é un poeta feminino, mais tampouco un poeta masculino. Aínda que naturalmente a muller está condicionada polo sexo máis fortemente que o varón, non cremos na imposibilidade metafísica de que a muller se eleve a unha poesía que esté máis alá dos arrulos das pombas e os recendos das flores. Na muller hai algo máis que feminidade: hai humanidade. E, certamente, é a humanidade, e non a feminidade de Rosalía, a que lle ditou os grandes poemas de *Follas Novas*. Por iso esta poetisa é un poeta esencial, por riba do accidente do sexo³.

Sen dúbida tanto a denominación masculina como a idea androcéntrica que a sustenta son xeracionais e a súa vixencia estendeuse especialmente, no noso contexto cultural, desde finais do século pasado ata os anos oitenta do presente. A partir desta data, o pensamento feminista ampliou o restrinxido concepto de humanidade dando tamén acollida a elementos femininos e, desde esta perspectiva, xa non é preciso negar o sexo de Rosalía para defender a alta categoría humana da súa poesía⁴.

Mais a excepcionalidade rosaliana entre as do seu sexo e incluso esa abstracción dos caracteres xenéricos volvemos encontrala noutras ocasións nas creacións bouzianas, como ocorre co lema grego de Antípater de Sidón ideado para Safo, que o noso autor proxectaba poñer encabezando unha publicación de homenaxe á escritora: “O meu nome é Sapho. Sobrepasei o canto das mulleres”⁵.

A compostelana era, pois, para Bouza, entre creadoras e creadores, quen mellor representaba a nosa poesía. De igual maneira, valora a súa importancia histórica ao considerar *Cantares Gallegos* como o libro que exerceu unha maior influencia nas letras galegas de todos os tempos:

El libro que ejerció mayor influencia de las Letras Gallegas en todos los tiempos fue *Cantares Gallegos* de Rosalía de Castro, tanto por su contenido cuanto por su ejemplaridad⁶.

3. Ricardo Carballo Calero, “Poetisas e poetas”, *La Voz de Galicia*, 16, X, 1980, recollido en Ricardo Carvalho Calero, *Umha voz na Galiza*, Santiago de Compostela: Sotelo Blanco Edicións, en prensa.

4. Carmen Blanco, *Literatura galega da muller*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 1991, p. 40.

5. Alonso Montero, art. cit., p. 14.

6. Entrevista realizada por Salvador Lorenzana en *Galicia Emigrante*, Buenos Aires, nº 20, maio, 1956, pp. 2-3, tomado de Alonso Montero, art. cit., p. 22.

Pero vai aínda máis alá cando considera á escritora como o facho do renacer político e cultural de Galicia. Así o fai por exemplo no exaltador artigo titulado “La pareja gloriosa. Mañana se cumplen cien años de la boda de Rosalía de Castro con Murguía”, emocionada prosa poética embebida de fondos sentimentos católicos e nacionalistas nos que nos presenta a esa parella excepcional como xerme e motor do galeguismo. Vexamos agora un exemplo deste texto publicado en *La Noche* e logo recopilado por Blanca-Ana Roig Rechou; as palabras de Bouza falan por si mesmas:

Representaba Rosalía la expresión lírica, la vibración del conmovido espíritu de Galicia, la connatural predisposición para el sentimiento de la gente de este confín atlántico. Encarnaba Murguía la especulación serena de la experiencia histórica, el deseo emotivo de saberse Galicia un pueblo con alma propia, la crónica áurea e inédita para la moderna ciencia de un “finis terrae” de Europa donde se han detenido ante el Océano todas las razas peregrinas.

Galicia plena estaba allí, pues, en el momento en que el Sacramento enlazaba con cadenas de amor indisoluble a estos dos seres. (...) florará siempre el elan de eterno misterio que hizo confluír en este connubio las bases del renacer de Galicia.

(...)

Rosalía y Murguía guiados por su destino son los portadores de dos fúlgidas antorchas, la de la Poesía y la de la Historia Gallegas. De ellos, de la pareja gloriosa van a salir las luminarias ingentes que alumbrarán el prestigio de Galicia en el mundo: la conciencia histórica y el rango poético. No faltarán dolores, sobrarán angustias. Y en medio de ellos sonará el clarín congregador de *Cantares Gallegos* y tras él, como aglutinante, la *Historia de Galicia* nos unirá para siempre⁷.

E non cabe dúbida de que por debaixo destas palabras fortemente literaturizadas latexa a transcendencia histórica desa fructífera unión, pero está claro tamén que Bouza crea unha imaxe idealizada e fortemente ideoloxizada da proteica e harmónica complementariedade da parella. A crítica ten matizado xa algúns destes aspectos⁸, mais a mistificación básica de dito mito radica na identificación de Rosalía coa forza “feminina” do sentimento e na súa elevación á categoría de símbolo, gracias á serena racionalidade “masculina” de Murguía. Esta mesma idea, asentada na conceptualización tradicional dos xéneros, é a que subxace no resto dos escritos rosalianos do autor por baixo dos incuestionables datos obxectivos. Así, das súas análises dedúcese un feito en grande parte certo, que Murguía foi o conformador da figura literaria canónica de Rosalía e o creador do propio mito rosaliano potenciado e transmitido pola tradición galeguista, pero tamén resulta evidente que a autoridade científica do mesmo Bouza contribuíu a consolidar dita imaxe tradicional.

7. *La Noche*, 9, X, 1958, recollido en Blanca-Ana Roig Rechou, “Artigos publicados por Bouza-Brey en *La Noche* (1947-1963)”, *Día das Letras Galegas*. Fermín Bouza-Brey, cit., pp. 48 e 50.

8. Esta cuestión relativa ao mito da harmonía complementaria do matrimonio foi especialmente analizada por Matilde Albert Robatto en *Rosalía de Castro y la condición femenina*, Madrid: Ediciones Partenón, 1981, pp. 14-28.

E precisamente con arreglo á significación nacionalista rosaliana que vimos sinalando é como cómpre interpretar o feito de que o Seminario de Estudos Galegos fose fundado ofialmente, por iniciativa do propio Bouza e de Luís Tobío, no Castro de Ortoño, lugar onde Rosalía pasou a súa nenez ao cuidado curiosamente de familiares de Tobío. Así, os seminaristas acolléronse e recolleron o facho rosaliano, e a profundización no coñecemento da moradora da Mahía vai ser un obxectivo consciente dos integrantes da institución, tal como demostran os estudos levados a cabo polo propio Bouza, Xosé Filgueira Valverde ou Carballo Calero, entre outros.

Obxecto de estudio

Polo que se refire ao autor que nos ocupa, os seus precisos e documentados estudos sobre aspectos varios da vida e da obra de Rosalía están recoñecidos entre as aportacións básicas da bibliografía relacionada coa autora.

Como é sabido, débese a el a reconstrucción de boa parte da biografía rosaliana, especialmente certos momentos da nenez, a súa mocidade compostelana e os activos anos previos á publicación de *Cantares gallegos* (1863). As súas minuciosas investigacións, atentas aos máis pequenos datos da historia cotiá, tratan de reconstruír, na súa intrahistoria, unha figura e unha época de especial transcendencia para Galicia, e achéganse á personalidade de Rosalía a través da de Murguía e outros familiares e amigos da escritora, rastrexando os textos literarios e as cartas dos autores contemporáneos ou esculpando as enfermidades e as vivencias da cultura popular da propia creadora. Nos *Cuadernos de Estudios Gallegos* aparece publicado o groso destas aportacións entre as que lembramos como mostra pola súa importancia “El tema rosaliano de ‘Negra Sombra’ en la poesía compostelana del siglo XIX” (1953), “La joven Rosalía en Compostela (1852-1856)” (1955), “El solar y el mayorazgo de ‘A Arretén’ de los antepasados de Rosalía de Castro” (1960), “Los *Cantares Gallegos* o Rosalía y los suyos entre 1860 y 1863” (1963) e “Las enfermedades infantiles de Rosalía de Castro y los ritos de medicina mágica en Galicia” (1967)⁹. Neste conxunto de traballos o autor emprega a metodoloxía da investigación histórica interdisciplinar, combinando os seus coñecementos de etnografía, cos de xenealoxía, historia xeral ou historia da literatura, tal como evidencian xa os mesmos títulos. Todo isto sen esquecer as súas dotes de creador, pois, en realidade, moitos destes estudos adéntranse por momentos no terreo do ensaio literario ou mesmo da narración novelesca e da prosa de exaltación lírica. Neles Bouza trata de recrear unha vida, relatando feitos, engarzando amizades, maxinando vontades e intencións, descubriendo pensamentos e desexos, reconstruíndo ambientes e modelando unha moi particular figura bouziana da autora, de tal maneira que, se nos deixamos levar polo seu particular ritmo de artista investigador, vemos revivir ante nós a esa peculiar Rosalía de Bouza que el tan perfectamente “atmosfera” para presentárnola viva no centro do seu mundo. Vexamos un exemplo desa portentosa recreación, realizada a partir dunha pequena frase biográfica de Manuel Murguía sobre a súa muller:

A Rosalía de Castro, en su infancia, la colocaron moribunda sobre un sepulcro en el cual se realizó el prodigio de devolverla viva por la virtud que tenía

dicha yacija, lo cual tuvo lugar bajo los cielos de la maravillosa comarca iriense o del Padrón.

(...)

Existe (...) una tradición constante que viene atribuyendo al sepulcro del *Corpo Santo* de la iglesia de Santa María de Iria tan extraordinaria prerrogativa como la de otorgar salud a los niños enfermos en grado extremo.

Este sepulcro no cabe duda que ha sido aquel sobre el cual a Rosalía “la pusieron moribunda y la devolvió viva”, al decir de Murguía.

(...)

La práctica consiste en colocar al paciente acostado sobre la tumba todo a lo largo de ella, primero de cabeza a pies: después, de pies a cabeza, recitando al mismo tiempo alguna o algunas de las personas acompañantes del enfermo unas palabras, oración o ensalmo (...) se desnuda a los pacientes, retirándoles la ropa que llevaron puesta y poniéndoles otra limpia (...). Es voz común que “si o meniño chora, é sinal de que sanda; si non chora, sinal de que morre”. (...) el pueblo considera la ceremonia que hemos descrito como propia para combatir las fuerzas malignas de misterio y tiniebla de que el hombre se ve rodeado y que en nuestro país se atribuyen no solo a elementos externos incontrolables (“pasa, mala cousa, pasa”) sino a ciertas personas dotadas de especial poder para dañar con su vista o con su pensamiento, a ciertos animales o a emanaciones o fluidos de cuerpos muertos.

(...) es útil un informe (...) en el que se dice que en Galicia “atribuyen a maleficio aquellos estados de desnutrición o depauperación orgánica, que, con carácter crónico e incurable, suelen padecer algunos niños. La tabes mesentérica, la tisis pulmonar en la primera infancia y la gastro-enteritis crónica, lo mismo que la atrepsia infantil, se atribuyen ordinariamente a *aire de gato* o de *gata parida*, *aire de difunto* o *aire de perro enfermo*”.

(...)

Motivos pues, de depauperación orgánica, de desnutrición, podemos considerar con tales precedentes que han sido los que determinaron que el delicado cuerpo de Rosalía haya sido sometido en su infancia a la prueba del sepulcro do *Corpo Santo*. Y resultaría curioso saber quién habría sido la persona encargada de dar cumplimiento con la después insigne lírica nuestra a las ritualidades del caso, y si ellas tuvieron lugar con anuencia de su madre y sobre todo del por aquel entonces capellán de la ex-colegiata iriense don José Martínez Viojo, que era sangre de la sangre de Rosalía. Nosotros creemos ver en todo ello la inquieta mano de la aldeana fiel sirvienta de doña Teresa de Castro, la que fue madrina de Rosalía, María Francisca Martínez, copartícipe de los secretos y testigo de los terrores de aquella, a la que debe Rosalía mimos y cuidados múltiples y acaso su primer contacto con el espíritu popular que tan bien comprendía y tanto amaba.

(...) las operaciones o prácticas que se ejecutan sobre las sepulturas de los creídos “corpo santo” (...) son simplemente *mágico-religiosas* o *deistas*, o si se quiere *animistas*, porque admiten una fuerza personificada en una potencia superior; *simpáticas* porque creen en el influjo de lo contrario sobre lo contrario (de la muerte sobre la vida en este caso) e *indirectas* porque esa fuerza superior interviene o se mueve en favor de la persona mediante las

ceremonias y las oraciones que se ejecutan, y no directamente como un talismán o un hechizo. (...) Fue el espíritu religioso, pues, más que el supersticioso, el que llevó a la niña Rosalía, de la mano de los suyos, a sufrir las prácticas y a rezar u oír las oraciones precisas sobre la sepultura “do Corpo Santo”, indicio claro que confirma la existencia de enfermedades en su infancia como afirman sus más exactos biógrafos¹⁰.

Tendo en conta o devandito, entre os coñecedores da nosa cultura existía a unanimidade de que el era o que estaba en mellores condicións para facer a biografía rosaliana, obra que ficou sen se realizar pero da que consta que hai un proxecto nos arquivos da Fundación Barrié, tal como nos recorda Alonso Montero no devandito volume editado pola Universidade de Santiago¹¹.

Tamén as súas investigacións contribuíron de maneira fundamental a completar o corpus literario da autora de *Follas Novas*. E, nesta aportación, volvemos encontrar a consciencia galeguista xeracional na que Bouza se inscribe ao colaborar como protagonista principal na serie colectiva dos “Escritos no coleccionados de Rosalía de Castro” publicada nos *Cuadernos de Estudios Gallegos* pola entidade que herdara durante o franquismo, adaptándoa ás novas circunstancias, a vella inspiración do Seminario. Nesa sección da revista do Instituto Padre Sarmiento a erudición do noso investigador recuperou textos tan importantes dentro da obra rosaliana como poden ser o “Conto Gallego”, os artigos costumistas “Padrón y las inundaciones” ou o polémico “Costumbres Gallegas” e os poemas “Non sei se me ules a rosas”, “Dend’ as fartas orelas do Mondego” ou “De Galicia os cimenterios”¹².

Motivo poético

Seguindo igualmente unha xa longa tradición galeguista e unha persoal afección rosaliana que o levaba a incluírse entre “os amigos de Rosalía”¹³, a autora é unha compoñente significativa da poesía de Bouza.

Como é lóxico, a imaxe que dela recrea está en consonancia coa acochada nos seus estudos e xira en torno aos seus sufrimentos e dores, á súa marxinalidade social e ao seu simbolismo nacionalista. Estreitamente vencellada á dor de vivir aparece tamén unha visión saudosa e existencial que os *7 ensaios sobre Rosalía* (1952) contribuíron definitivamente a callar e que o poeta Luís Pimentel invitaba a abandonar, aínda que, curiosamente, el tamén a seguía recreando¹⁴.

10. Fermín Bouza-Brey, “Las enfermedades infantiles de Rosalía de Castro y los ritos de medicina mágica en Galicia”, *Cuadernos de Estudios Gallegos*, vol. 22, nº 67, pp. 185, 189-192 e 197.

11. Alonso Montero, art. cit., p. 11.

12. Por non repetir para cada referencia bibliográfica, enténdase que os traballos de Bouza Brey que a continuación se relacionan figuran todos en *Cuadernos de Estudios Gallegos*: “Escritos no coleccionados de Rosalía de Castro (V)”, vol. 5, 1946, pp. 113-126; “Escritos no coleccionados de Rosalía de Castro (VI). *Conto gallego*”, vol. 6, 1946, pp. 179-294; “Escritos no coleccionados de Rosalía de Castro (VIII)”, vol. 8, 1947, p. 705-707; “Escritos no coleccionados de Rosalía de Castro (IX)”, vol. 9, 1948, pp. 125-127; “Escritos no coleccionados de Rosalía de Castro (X)”, vol. 10, 1948, pp. 307-310; “Escritos no coleccionados de Rosalía de Castro: “Costumbres gallegas”, vol. 10, 1955, pp. 111-126.

13. Fermín Bouza-Brey, “De novo Rosalía en Italia”, cit., p. 244.

14. Luís Pimentel, *Sombra do aire na herba*, Vigo: Editorial Galaxia, 1959, pp. 45-46, 70-73, 92-95 e 103.

De feito, no soneto que lle dedica en *Seitura* (1955) fala da súa “humanidá martirizada” e denomínaa “Senhora da Dôr e o Esquecemento”. Neste poema tamén aparece na súa mítica función maternal en relación coa xente galega:

(...) a pátria em roda
no agarimo filial puso a alma toda
e a Galiza é eviterna, Rosalia!¹⁵.

Mentres, en “Aboio polas rúas” é evocada en Compostela como unha alma xemea do poeta maduro, a través das súas angustias interiores e recollendo a plástica imaxe da “tola” coa que ela mesma se identificou e que máis tarde recollería Curros:

Aboio polas rúas,
fluxo de min sin sombra...
Itinerario, o mesmo de algún día
de Rosalía a tola¹⁶.

Mais a propia autora formaba parte xa do mundo afectivo da súa nenez, segundo lembra na composición “O mensaxe de Ramón Cabanillas” cos versos: “cando meu pai me alumeaba / con poemas de Rosalía e de Pondal e de Añón”¹⁷.

Pero é sobre todo a Rosalía símbolo galeguista a que parece ter unha maior presenza. Así, unhas veces é evocada con carácter sagrado, xunto a Cabanillas e a Castelao e á par do apóstolo Santiago, como guías do destino de Galicia:

Cemiterio de Fefiñáns
atal o de Adina de Padrón,
atal o da Chacarita, en Buenos Aires.
onde o noso Daniel pousou;
atal o de Compostela, onde xace
Santiago, o noso patrón,
sodes altares mais que campas,
sodes aras mellor que terróns.

Os nosos mortos están vivos,
todos ouvimos o seu cramor,
todos sabemos dos seus mandados,
¡malia de aquil que no-os escuitou!
Eles teñen de ser compridos
por riba da Lúa e por riba do Sol¹⁸.

Outras veces aparece citada á par de Cuevillas, o fundador da arqueoloxía galega e recoñecido mestre de Bouza, tan aludido nos seus poemas arqueolóxico-

15. Fermín Bouza-Brey, *Seitura*, Braga: Livraria Cruz & Cª, Colección 4 Ventos, s. d., p. 90.

16. Idem, *Obra literaria completa*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 1981, p. 196.

17. *Ibidem*, p. 184.

18. *Ibidem*, p. 187.

nacionalistas, como o dedicado “Aos mozos arqueólogos de Galiza en Compostela”, discípulos do autor no Instituto de Estudos Gallegos “Padre Sarmiento”:

(...)
as nosas sagras sombras:
Rosalía e o Cuevillas, dianteiros
das outras precursoras...
¡A ciencia e a poesía
saudando a nosa aurora!¹⁹

Nestes versos fica plasmado o nacionalismo profundo e globalizador das actividades intelectuais do noso escritor que aunou ciencia e creación baixo unha común inspiración galeguista, como fixeron e continúan facendo moitas outras figuras, desde Manuel Murguía e moi especialmente desde a época *Nós*.

Pero incluso máis alá da poesía, na propia obra narrativa do autor podemos rastrexar pegadas desta profunda interiorización rosaliana. Así, por exemplo, a novela *Cabalgadas no Salnés* (1925) acaba cunha alusión aos “bôs e santos amores”, en clara consonancia coa idea básica da concepción amorosa de Rosalía, quen tantas veces repite ese tema²⁰. Vexamos o texto de Bouza:

¡A Vida que tamén tiña de afogar sin compasión á aquel meu amor de Vila-dourada que me deixou no peito ista laña de saudade e que eu coidaba símbolo, espello, norma dos bôs e santos amores!²¹

A rosa de cen follas

Toda esta científica, política, poética e persoal paixón por Rosalía que acabamos de evocar calla no proxecto *A rosa de cen follas*, do que temos noticia gracias ás cartas gardadas na Biblioteca Penzol e agora publicadas por Alonso Montero²². Era un fermoso proxecto ideado polo propio Bouza e Ramón Otero Pedrayo, como directores e colaboradores únicos, en homenaxe íntima á autora con motivo do centenario do seu nacemento. A guerra civil frustrou esta idea que tiña de materializarse en nove números dunha revista que maxinamos rebordante de panteísmo e lirismo rosalianos e galaicos, desde o vexetal galego cantado pola autora, que presidiría cada número a modo de totem, ata os poemas e as prosas dos dous artífices do proxecto.

Ficamos sen estas follas da Rosa pero Bouza deixounos moitas outras que contribuíron, decisivamente, tanto a coñecer como a configurar o mito rosaliano.

Carmen Blanco
Universidade de Santiago de Compostela
Campus de Lugo

19. *Ibidem*, p. 192.

20. O motivo pódese apreciar no poema titulado “Bos amores” e no que comeza “Un verdadeiro amor é grande e santo”, vid. Rosalía de Castro, *Poesías*, Vigo: Patronato Rosalía de Castro, 3ª ed., 1982, pp. 181 e 207

21. Bouza-Brey, *Obra literaria completa*, cit., p. 155.

22. Alonso Montero, art. cit. p. 14.